

# IRIMIA



a vós chamáronvos á liberdade

ANO XXXII • Nº 852 - Do 9 ao 22 de abril de 2012

**Destá volta, si**

# A foto que fala



## O trasno Cortesía e outros usos

Daniel López



É mágoa que non se aproveite esta crise para facer un varrido de hábitos e mentalidades penosamente consolidados na nosa imaxinación. Arremétese contra principios e conquistas longamente pelexadas, como ter unha certa estabilidade no emprego, pero ándase con moito miramento cando se trata doutros “dogmas”

Un deses é o da “cortesía debida ao alto cargo”. Ser respectuosos con aqueles aos que o destino puxo nunha posición de responsabilidade no servizo público é ben diferente á situación que retrata a viñeta de Cas-

telao, na que o caciquiño lle lembra ao labrego, cun xamón na man, que os porcos non son coxos. O goberno prepara unha lei de transparencia, pero –se cadra aínda coas emocións pola absolución de Camps, “o elegante”- disque borrador desa lei permite os agasallos a altos cargos se non superan “os límites dos usos sociais ou de cortesía”. O dos usos sociais non é, precisamente, un concepto xurídico ben delimitado, así que, vista a recente xurisprudencia, pode ser que haxa quen se permita escoller se o uso social vai ser de “Versace” ou de “Louis Vuitton”, incluso, unha vez aprobada a norma, poderían facerse, como nas vodas, listaxes de “cortesías para altos cargos acordes aos usos sociais”, para que a xente non se repita nas súas cortesías.

Outro dogma é o do “merecemento ilimitado do executivo empresarial”. É un mito moi burgués. Consiste en tragarse o conto de que un xerente executivo dunha gran empresa ten que gañar cantidades que tenden ao infinito. Literalmente. Acaba de sa-

berse que César Alierta, o da privatizada telefónica, gañou o pasado ano, en plena crise 10,2 millóns de euros. Ten que ser un aburrimento iso de meterse no peto 850.000€ cada mes, pero, ademais, é un aburrimento imposible de xustificar: non pode haber razón para que un cara lavada gañe cen veces ao mes có presidente do goberno. Sobre todo se, como é o caso, non fai máis que perder clientes

E o terceiro dogma por hoxe é o do “dereito á escuridade” no uso dos fondos públicos pola Sagradas Institucións: A Coroa e A Xudicatura. Todos pasan pola pedra da transparencia, menos os Intocables. Así, no Consello Xeral do Poder Xudicial, houbo quen recente e inxenuamente, formulou a necesidade de que os seus membros xustificasen as viaxes e desprazamentos pagados con fondos públicos. Seica algúns conselleiros que viven fóra de Madrid viaxan de xoves a martes ás súas casas en clase preferente e a conta dos contribuíntes. A proposta, vaiche boa, non prosperou.

# Editorial

## Esta volta, si

A unidade sindical tivo moito que ver cos resultados da Folga do 29 de marzo. O seguimento foi importante en tódolos sectores, pero variable. O que despexou calquera dúbida foron as mobilizacións da xente nas correspondentes manifestacións.

Nesas manifestacións, dunha contundencia, normalidade e dimensión pouco habitual -só comparables ás que seguiron ao evento do Prestige, ou as famosas mobilizacións pola “aldraxe” do Estatuto- si que se botou en falta a necesaria unidade. Véxase, por exemplo, o resultado en Compostela, onde se podería ter enchido de sobras o Obradoiro, pero a cousa quedou nun patético e “comprimido” final duns na diminuta Praza de Praterías e doutros na histórica pero insuficiente Praza de Quintana. Están os líderes certos de que é mellor marcar a “diferenza” en toda hora e lugar e non renunciar por un día ás esencias puras e, así, xogar o xogo da unidade de todas e todos os traballadores?

as rúas foron desbordadas por persoas que non actuaban baixo presión

A asistencia masiva ás manifestacións é libre e desmonta os discursos sobre a “folga baixo presión dos piquetes”. As presións son contraditorias, existen, pero é incomparablemente maior a que atura a parte máis feble, a dos asalariados, especialmente das pequenas e medianas empresas. En calquera caso as rúas foron desbordadas por persoas que non actuaban baixo presión.

O que si resulta inaceptable é a manipulación informativa dos gabinetes de prensa dos poderes executivos -central e galego. Sería máis prudente calar, pero non porfiar contra toda evidencia, que a “normalidade é absoluta”; que “se traballa como tódolos días”; que “a incidencia é mínima”. Cando a xente se sente masivamente enganada reacciona. O PP non aprendeu a lección daqueles días penosos despois do 11-M, cando, por conveniencia electoral, o goberno Aznar, con Acebes á cabeza, teimaba coa versión -supostamente favorable aos seus intereses electorais- de que o atentado era obra de ETA. A manipulación, cando é groseira e insostible -e non simplemente sutil a niveis tolerables pola masa- pódese volver en contra de quen a realiza. Porque se identifica cun abuso inxustificable de poder.

En calquera caso o problema ten dimensión europea. É importante crear conciencia sobre os efectos perversos que para a propia economía ten facer pivotar toda a política económica na redución do gasto público e o recorte dos dereitos sociais. Pero a clave da decisión está nos gobernos francés e, sobre todo, alemán. Hai tempo que España non é un estado-nación con plena soberanía, como deben saber os sindicatos, partidos e cidadáns.

## Rumores de esperanza

Xan Guillén



Recibirás isto en Pascua. Busco no caixón dos recordos o que me suxire o termo Pascua e voume á Pascua Xoven de Arousa. Moitos anos leva esta convocatoria. Cando eu era adolescente era para min unha inxección de vida e esperanza. Alí coñecín boa xente, escoitei boas testemuñas e paseino moi ben. Todo nunha fin de semana intensa no colexio das Filipenses de Vilagarcía. A Pascua de Arousa segue adiante. Vai para os 39 anos. Xa non é tan moza como cando eu ía e volvía entusiasmado pero segue a ter o arrecendo xuvenil que sempre tivo. Volvo á palabra Pascua e esta lévame a Resurrección. E con Resurrección unha pregunta que resoa no me cora-

zón e na miña cabeza. Ti en que cres? Nun resucitado ou nun revivido? Vaia preguntuña. É fácil dicir que creo nun resucitado pero é máis cómodo crer nun revivido. Crer nun resucitado dá toda unha esperanza no ser humano. Din certos bispos que quen me fixo esa pregunta crea inquietudes nos fieis. Para eses bispos debe ser máis doado que os “fieis do rabaño” non estean inquedados. É preferible que crean un revivido. Eu prefiro que me fagan preguntas porque vivir con certeza non xera máis que fundamentalismos. Eu prefiro os profesores que crean fame para que ti teñas gaña de comer e non que alimentan a bandullos cheos. Por iso graciñas Andrés.

1



3



2



4



## A peneira

1

Pontevedra convocounos, o 30, a honrar a Paco Martín, no pórtico do mes do **LIBRO**, e a debater na Semana da Filosofía sobre Europa, onde 18 millóns de persoas precisan alimentos. Mentres, están a destruírse liberdades e dereitos, engulidos por un neoliberalismo que machuca a democracia facendo de ouro o mercado e convertendo España no terceiro estado con máis pobres da UE.

2

O 7 é o Día das **AVES** migratorias. Entre Santo André de Teixido e Cabo Ortegal, moitas son capturadas no camiño do Gran Sol polos palangreiros galegos (56.000 gaivotas ao ano...). Só 5 parellas de mazaricos reais aniñan nos humidais chairegos. O lagarteiro foi escollida ave do 2012 polo risco a desaparecer.

3

Eleccións en **ALXERIA** con tensión coa Fronte Islámica por non recoñecerlles o triunfo nas do 91, e con Marrocos por soste os refuxiados saharauís. Neste ano de revoltas, legalizaron 8 partidos e a cota feminina, e segue aberta a ferida dos bérberes. Na foto, a festa da independencia no 62. O 70% do que exportamos a África é a estes países e Angola.

4

A ONU, xa 20 veces, o cumio das Américas e a viaxe do Papa denuncian 50 anos de embargo a **CUBA**, tan reseso coma daniño, onde as empresas españolas son acosadas por Obama, que non cumpre con Guantánamo nin co resto da illa. Na foto, unha danza ritual cubana na igrexa de San Domingos de Bonaval, mostra da súa interculturalidade.

5



7



6



8



Alfonso Blanco Torrado

5

O Movemento 6 de abril convocado polo blogueiro Chonim, a persoa máis influente do mundo, segundo *Time*, encendeu a revolta contra a ditadura en **EXIPTO** coas redes sociais. Na foto, a blogueira exipcia Asmaa Mahfouz, Premio Sakharov, que vén de exiliarse polo risco que corría a súa vida na campaña das eleccións presidenciais do 23 de maio.

6

Os **TUAREG** seguen loitando pola autodeterminación no norte de Mali, onde un golpe militar feriu a constitución en vésperas electorais. Nos 90 rebeláronse en Mali e Níxer, urxindo liberdade. Fronte a outras etnias, valoran a dignidade da muller. Na foto, a mesquita de San.

7

O Día do **CIENTIFÍCO**, o 24, cadra cos 200 anos de Antonio Casares, o pai da nosa química e pioneiro en moitas liñas de investigación: os metais das augas medicinais dos balnearios, viños, etc. Neste tempo, profesorado da USC loita por valorar o 40% a investigación no currículo. En Santiago hai 760 que non publicaron nada en 5 anos.

8

Están a estrear esta máquina na **SEMENTEIRA** das patacas, deseñada por Rubén Villamil e Nilo Abad -co tempo e a prestación do paro- e distribuída por Durán Maquinaria. Mentres 500.000 toneladas temperás que se recollen aquí parálanse pola importación das serodias de Francia e transxénicas de Alemaña, do agro á mesa soben un 1500%.

# Economía Non é un problema de demanda!

Pedro Pedrouzo Devesa



Non me gustan os orzamentos austeros, igual que non me gusta un salario baixo nin andar escaso de diñeiro. Normal. Os recortes non gustan a ninguén. Todos sabemos que canto máis se recorte, máis contraídas van estar as nosas economías.

Precisamente, se estamos así é porque unha gran parte da nosa economía baseouse no consumo. Durante moitos anos a economía ecolóxica avisounos de que ese non era (e non é) un modelo sostible. Basear o benestar dunha sociedade na continua excitación do consumo (da demanda) levábanos a unha calexa sen saída. Pero..., con eses créditos tan baixos era difícil resistirse. Caemos na trampa.

O noso problema económico é de oferta, de produción ou de produtividade, como queiramos chamalo. Estabamos especializados en producir bens que nós mesmos comprabamos. Tampouco fomos unha sociedade que valorase especialmente o medio ambiente (salvo para construír atrocidades nel), nin a cultura (salvo na súa vertente máis social), nin a investigación e tecnoloxía (salvo no eido das comunicacións), e da comida non diremos nada, porque desde o momento no que nos puxemos a mercar espárragos cultivados en China..! Onde quero ir parar? Pois a que a nosa demanda interior tampouco axudou a crear, en moitos mercados, unha industria competitiva e de calidade que poida saír hoxe con garantías

ao exterior, agora que nós somos incapaces de seguir co ritmo consumidor do que faciamos gala hai uns anos.

Temos que repensar a nosa forma de crear riqueza. E malia haberen varios millóns de persoas especializadas na construción, que dependen e dependerán de por vida de que esta se recupere (algo que non pasará ata que os bancos se liberen de toda a millonada que teñen investida en ladrillo), son moitos os outros millóns os que lles temos que abrir novas vías de crear riqueza.

temos que repensar a nosa forma de crear riqueza

Porén, se observamos as decisións económicas de moitos dos nosos gobernantes locais, provinciais, autonómicos e estatais, a depresión pode ser grande, vendo como seguimos preferindo financiar a elite do baloncesto antes que a dos laboratorios; preferimos tirar millóns de euros asfaltando vías para que os coches circulen, en vez de apostar por unha mobilidade que non sexa tan escrava do petróleo; preferimos mirar pola empresa amiga, próxima e agradecida antes que pola competente.

Necesitamos mentalizarnos da nosa responsabilidade en todo isto: de que educamos para que as futuras xeracións sexan mellores, non para que simplemente aproben en xuño. Necesitamos mentalizarnos de que traballamos para ofrecer algo de calidade á sociedade (ao mercado), non só para cobrar a fin de mes. Necesitamos un xiro ético na nosa forma de entender as relacións laborais, para escapar do comercio no que se maltrata os empregados con xornadas infames. Os maiores problemas que temos agora son a nosa estupidez e a nosa comodidade. O maior problema que teremos no futuro será a pobreza.



# O Peto do Santo Antón

Rubén Aramburu

*The man kills the thing he loves* .é un verso que estremece, escribiuno Oscar Wilde en A Balada do Cárcere de Reading. O home mata aquilo que ama. Gustaríame traerche algunha historia pascual, pero estou rodeado dun fume espeso. A media tarde chegou o cheiro que insinuaba un lume próximo. Logo a evidencia, coma un calafrío: Arden as Fragas! Arden as Fragas! Cortabamos pólas de loureiro e oliveira para o domingo de ramos e parou o corazón e tamén as palabras. Ficamos mudos ante a barbarie. *The man kills the thing he loves*. Escoitádeo ben, coma unha ladaíña fúnebre.

No venres de dolores tamén prenderon lume ás esperanzas, aos soños, á creatividade e ao rigoroso estudo de moitos anos. Coma sete espadas cravadas no corazón, sete acusacións sen sentido, provocadas pola tolemia do fanatismo, do tolo do templo. A paixón de Andrés Torres Queiruga por Xesús de Nazaret, polo Deus revelado no amor e no ser humano en plenitude, tornouse en dolorosa. Mudos de novo. Como é posibel destruír tanta beleza?

Fragas do Eume, milenarias, contedores de salmodias cósmicas, paridas pola humidade atlántica, primixenias testemuñas da creación. Únicas.

Teoloxía de Andrés, humanizadora dun Deus distante e estraño; achegadora da bondade escudriñada con tanto traballo e amor pola Igrexa tantos anos, toda unha vida! Canto ben feito Andrés, e como dicía o Manuel María da súa nai, dicimos de Andrés:

Que existencia exemplar e verdadeira!  
Que tarefa cumprida! E que ben feita!

Os homes sempre matan aquilo que mais aman!!! Coma unha profecía no medio do lume que queima arbores e libros... Porén, é pascua, non darán matado a esperanza.



## O CARRABOXO por JOSÉ LUIS



### “A devoción de meu pai por Galicia rozaba a obsesión”



Afonso Paz Andrade

*Todas as voces que se escoitaron a raíz da elección de Valentín Paz Andrade para ser homenaxeado o Día das Letras Galegas de 2012 foron para gabar esta escolla e non moitas veces un persoeiro concitou tal unanimidade. Estamos perante un home no que sobresa, antes de nada, o seu carácter polifacético, cun labor destacado en todos os campos aos que lle dedicou atención: economía, xustiza, política, literatura, xornalismo... Para facérmonos unha idea abonda dicir que foi un dos fundadores da multinacional Pescanova ou que representou a Galicia nos acordos políticos durante a transición á democracia, continuación do labor político que xa levara a cabo nos anos 20 e 30 e que conduciron ao Estatuto de 1936. De todas estas facetas tivemos ocasión de falar co seu fillo Afonso, empresario e continuador do labor de seu pai en Pescanova e na publicación **Industrias Pesqueras**, que amablemente nos atendeu no que fora o prestixioso despacho profesional de seu pai, na rúa Policarpo Sanz de Vigo.*

#### Un home proxectado ao exterior

**Que sentiu cando soubo que a Real Academia Galega decidira recoñecer a figura de seu pai?**

Unha grande satisfacción, gratitude e alegría, porque o fai, ademais, unha Real Academia renovada, con xente moito máis dinámica e que ten unha

tivo unha grande vocación xornalística e dirixiu o *Galicia*

visión distinta á doutras etapas desta institución. Aínda que me é difícil dicilo, en canto fillo do homenaxeado, penso que acertaron, porque este ano danse unha serie de coincidencias, neste tempo dramaticamente austero, de sobriedade, unha cualidade que se lle pode aplicar a meu pai. Foi un home sobrio, que estudou e se preocupou pola economía e tamén foi moi austero na súa vida e na súa forma de ser, un home moi comedido. Así, hai unha morea de circunstancias ambientais e substanciais que xustifican esta distintión e que a nós nos aleda moito.

**Valentín Paz Andrade pasou media vida viaxando e isto notaríase na súa forma de ser.**

Si, creo que meu pai foi un adiantado ao seu tempo, de profundas crenzas e profundo compromiso coa terra: Galicia foi para el unha devoción que rozaba a obsesión. Todo o condicionaba ao noso país e todo o que tiña que ver Galicia quería magnificalo, sempre dende unha actitude moi plural, moi internacional. El non tiña nada de parroquial, era dun pensamento aberto, que lía a cotío os xornais de moitos outros países, que estaba en contacto coa literatura brasileira -como se demostra no estudo da obra de Guimarães Rosa. Era un home proxectado cara ao exterior. Dende moi novo decatouse de que partindo da raíz galega había que proxectarse ao exterior e había que convivir e competir nese contexto. Iso hoxe enténdese moi ben, pero alá polos anos 40 ou 50 non era así, porque o réxime político que se padecía ía na dirección contraria, en contra da apertura, da liberdade e do pluralismo.





## Unha vertente literaria e outra política

**En seu pai non resulta difícil ver, cando menos, dúas vertentes: a literaria e a política.**

Xoán Bautista Andrade, o poeta foi quen levou a meu pai pola vía da cultura e da literatura e o que lle transmitiu as inquedanzas literarias. Tamén lle presentou, de moi novo, a Castelao de quen chegaría a ser íntimo camarada. A vea política vénlle doutro tío, Roque, un republicano convencido.

**Unha das cualidades que se destacan en Valentín é a de orador, non si?**

Sen dúbida, algo que, naquela época, non era infrecuente, porque Galicia non volveu ter oradores coma o propio Castelao, coma don Ramón Otero Pedrayo, que era un torrente de oratoria, ou coma meu pai. Houbo un acto electoral, celebrado en Vigo, no que faloron os tres. Eses tres discursos, recollidos nun libro, reflicten moi ben o que era Galicia, o que eles pensaban e querían para o noso país, e conservan aínda unha sorprendente actualidade. Nese acto don Ramón representa o barroco puro, desborda coa súa oratoria improvisada e emocional; Castelao pon a ironía, a denuncia política; finalmente meu pai pon o pragmatismo, a preocupación económica. El dixo que o que os seus compañeiros acababan de expoñer era moi importante para facer unha nación, pero a nación antes de nada ten que ter estrutura industrial e social, ten que haber unha redención dos labregos e dos mariñeiros, que atravesaban grandes dificultades, unhas infraestruturas -xa daquela falaba das comunicacións e da importancia que tiñan, e do mar coma nexo para Galicia. Penso que hai un paralelismo plutarquiano entre esas figuras.

**Paz Andrade tamén foi xornalista, xa fose colaborando ou mesmo dirixindo proxectos.**

Meu pai tivo unha grande vocación xornalística. Pensaba que había que informar a xente, crear un estado de opinión, formar unha conciencia galeguista e considerar o noso país como ser unitario. Cando lle ofreceron formar un xornal en Vigo, pediu que se chamase *Galicia*. El foi quen incorporou á redacción a Castelao, a Xoán Bautista Andrade, a Otero Pedrayo, a Lustres Rivas e Blanco Torres. O xornal foi un fito na vida xornalística daquela época, nos anos en que en España había a ditadura de Primo de Rivera. Finalmente, polo incisivo que era o xornal, logo de moitas multas e persecucións acabárono pechando. Para meu pai foi unha gran pena, unha verdadeira amargura que levou consigo toda a vida.

## Supervivente da represión

**A súa actitude comprometida case lle custa a vida en varias ocasións.**

Pois si. El foi un home ben dotado intelectualmente, que tiña moi fácil abrazar calquera das súas facetas, porque era un home poliédrico, como avogado ou como tecnólogo pesqueiro, como economista... En calquera delas puido ter unha existencia confortable, pero a súa devoción por Ga-

## é un autor que non se pode ler de présa; fai pensar

licia levouno a seguir loitando non polo seu propio beneficio, que nunca o perseguiu, senón polos seus ideais. A súa executoria vital foi unha pura peripecia. En plena rúa do Príncipe, a máis comercial de Vigo, uns pistoleiros a soldo pegáronlle cinco tiros: un na cabeza, outro no ombreiro -que non lle puideron extraer e que levou toda a vida- e o resto polo corpo adiante. Xa na posguerra desterrárono a Verín, onde se fixo amigo do mestre da escola. Unha noite un gru-



Valentín Paz Andrade con Castelao na estación de Pontevedra

po que se dedicaba a “pasear” xente localizárono no Casino, onde estaba nun faladoiro cuns amigos. O grupo empezou a preparar as armas e a dicir que por fin atoparan a Paz Andrade.

O mestre subiu ao piso de arriba a avisar a xente que estaba xogando a partida e a dicirlles que ían matar a meu pai. Baixaron e metéronse no medio o xusto para que meu pai puidese saír por unha ventá mentres os falanxistas empezaban a tiros. Felizmente non o feriron, pero quedaron os buratos na galería do Casino e sempre que iamos en coche camiño de Madrid, era parada obrigada ver aqueles buratos.



Valerín Paz Andrade no seu despacho en Vigo



Afonso Paz Andrade, durante a nosa entrevista

### **Pero ese foi só un dos moitos lugares onde estivo desterrado.**

Si, porque de Verín mándano a Requeixo de Queixa, un lugar onde practicamente había neve perpetua. Naquela aldea, onde non había máis ca uns pastores, tivo que se quedar a vivir nunha casoupa onde vivía a xente e as vacas, cousa frecuente naquela época. De cando en vez baixaba ata unha casa grande, o pazo de San Lourenzo, onde vivía Jesús Prada Losada, un home que quixen moito, tío da miña nai, unha especie de fidalgo ilustrado do que se fixo moi amigo. Nesa relación presentoulle un día a súa sobriña, que foi a miña nai. Así que, desda circunstancia dolorosa e punitiva que foi o desterro na serra da Queixa, xurdiu outra distinta e agradable como foi atopar a muller que o ía acompañar o resto da súa vida.

### **O labor literario**

#### **Entre as múltiples actividades ás que se dedicou tamén tivo tempo para a literatura.**

Certamente, meu pai foi un home polifacético que fixo política, literatura, poesía, economía, que se dedicou a actividades empresariais e que exerceu a avogacía -con traballos moi importantes no ámbito da xustiza e cun despacho de avogados moi considerado e de moita sona-. A faceta poética é tamén meritosa. A del é unha

poesía moi condensada, moi conceptual. Meu pai, que non escribía dun xeito moi requintado, tiña unha virtude que a min sempre me sorprende: os seus textos estaban comprimidos, condensados. E logo ten unha ampla obra ensaística, cunha prosa moi moi densa, era capaz de dicir moitas cousas en poucas palabras. Non é un autor ao que se poida ler ás présas, hai que afondar, fai pensar. En fin, que no medio de todas as súas dedicacións tamén tiña algo de poeta, o

entre os dous e a dimensión que naquela altura meu pai lle reservaba xa a Castelao.

#### **Que lle contaba seu pai sobre Castelao?**

Cando eu era mozo ninguén sabía quen era Castelao e cando morreu -a primeira vez que vin chorar a meu pai- el díciame: “Vaste dar conta de que ha chegar un momento en que ha estar no altar de cada unha das casas galegas”. Obviamente, referíase a un altar laico, a un respecto social. E iso

## sufriu represión e desterro durante a ditadura

suficiente para producir catro ou cinco libros, entre eles *Pranto matricial*, que xurdiu en resposta ao pasamento de Castelao, morto no exilio de Bos Aires.

#### **Calquera alusión á súa faceta política fora prohibida polo réxime franquista.**

Así foi, e os xornais non se puideron facer eco. Meu pai foi o que escribiu o primeiro artigo despois da morte de Castelao, que se publicou no xornal santiagués *La Noche*, o que aumentou a tensión sobre el. Posteriormente, a dor que lle producira, non só a morte de seu amigo, senón que o fixese fóra de Galicia, fixo xurdir o *Pranto matricial*, un poemario adicado a Castelao e que reflicte moi ben o sentimento e a amizade que había

ocorreu, porque hoxe Castelao está popularizado.

#### **El sempre mantivo contacto co exilio.**

Si, xa antes de se constituír Pescanova meu pai empezou a traballar na ONU, para a FAO. Daquela non o deixaban saír porque ao réxime non lle gustaba que meu pai tomase contacto coa galeguedade do exterior e a cousa púxose tan dura que lle retiraron o pasaporte. Entón a ONU deu-lle un pasaporte internacional, que daquela existía precisamente por motivos políticos, e co que podía entrar e saír de España. Así que estivo sempre en contacto co exterior, porque traballou en Cuba, Colombia, Chile, México, Bos Aires ou Roma por razóns pesqueiras.

# Redacción

Recibimos case no mesmo día dúas novas relacionadas: por unha banda, o último exabrupto da Conferencia Episcopal Española, condenando a teoloxía de Andrés Torres Queiruga; doutra, e con esta nos quedamos pois ten moito maior interese, a edición do libro *Repensar a teoloxía, recuperar o cristianismo*, homenaxe ao noso teólogo. Supoñemos que a editorial Galaxia nunca esperou dos bispos unha publicidade de balde e un aunar simpatías arredor de Andrés como a que lles están a promover (pasósenos pola cabeza preguntar se non haberá algún bispo con participacións en Galaxia), pero nosoutros non queremos ser menos ca todos eles, polo que tamén imos contribuír á difusión desta obra.

En <http://irimegos.wordpress.com> podeades descargar un pdf con esta información ampliada.

## Oferta de prepublicación



Para España: **29€**  
(gastos de envío incluídos)

Para o estranxeiro: **39€**  
(gastos de envío incluídos)

Co pedimento remitános un correo electrónico cos seguintes datos:

- Nome e apelidos / Entidade
- NIF / CIF
- Enderezo
- Código postal
- Poboación
- País
- Teléfono
- Enderezo electrónico
- Persoa de contacto (para entidades)
- Nº de exemplares:

PODE REALIZAR O PAGAMENTO

- ♦ MEDIANTE TARXETA \_\_\_\_\_
  - » Número
  - » Data de caducidade
  - » Código CVV2/CVC2 (figura detrás da tarxeta)
- ♦ MEDIANTE TRANSFERENCIA Á CONTA DE EDITORIAL GALAXIA  
**2080 5000 69 3040013682**
- ♦ PARA PAGOS DESDE O ESTRANXEIRO  
IBAN: **ES61-2080-5000-6930-4001-3682**  
Código SWIFT: **CAGLEMMXXX**

Debe enviar copia da transferencia por correo electrónico ou fax.

Edición de  
Xosé Manuel Caamaño · Pedro Castelao  
Isbn: 978-84-9865-422-6  
Páxinas: 616  
Editorial Galaxia, 2012



Fax: (+34) 986 22 32 05 • Telf.: (+34) 986 43 21 00  
[www.editorialgalaxia.com](http://www.editorialgalaxia.com) • [galaxia@editorialgalaxia.com](mailto:galaxia@editorialgalaxia.com)

Moisés Lozano Paz

*Un novo terrorismo ameaza Europa. Os casos de Noruega e Francia demostran un novo terrorismo individual e solitario mesturado de vinganza e fanatismo. A iso engádesse unha política emigratoria europea errónea, mal utilizada por veces nas campañas electorais, principalmente cunha ideoloxía de ultradereita. Trátase en ambos os casos de asasinatos con bagaxe diferente yihadistas ou de extrema dereita, que empregan métodos similares. Adoita ser unha soa persoa armada que atenta contra cidadáns anónimos e que, desa forma, pode escapar máis facilmente ao control policial. Entre as motivacións, hai sempre unha mestura de discurso político e perfil persoal de frustración, furia e repercusión social.*



Despois da masacre en Toulouse

### O caso noruegués

O pasado verán de 2011 en Noruega, un adulto de extrema dereita irrompeu nunha concentración de mozos laboristas e empredeuna a tiros ata matar a case un centenar. Este é Anders Behring Breivik, un empresario noruegués de 32 anos, un ex-francmason descrito pola policía como simpatizante da extrema dereita e por varios medios escritos como “fundamentalista cristián”; de ideoloxía nacionalista (contrario ao multiculturismo), prol-israelí, islamófobo e admirador do movemento político estadounidense do Tea Party.

De acordo co seu avogado, Breivik declararía que a súa acción foi “atroz” pero “necesaria” e que a planificou durante un longo período de tempo. Ademais sóbouse que redactara un “manifesto” de 1.500 páxinas que colgou en Internet. Este xira ao redor da

“guerra de culturas” e en como pode liberarse Europa do Islam. Tamén se deu a coñecer que, Breivik, identificábase a si mesmo cos Cabaleiros Templarios e que colgara un vídeo en YouTube no que chamaba os seus seguidores á guerra contra o marxismo e o Islam; nel aparecía empuñando un fusil automático e cun parche no brazo que dicía “Cazador de Marxistas”

### O caso francés

No caso que acaba de sacudir Francia, o asasino invocou a Al Qaeda, a yihad e a dor dos nenos en Gaza ao irromper a tiros nunha escola xudía. O substrato político-relixioso parece explicar a motivación do asasino, pero os expertos instan a fixarse noutros aspectos máis definitorios. Por riba de ideoloxías, desequilibrios e contornos, é a técnica empregada a que identifica todos estes episodios.

Moitos expertos nesta temática sinalan a Internet como unha das ferramentas máis potentes na propagación deste fenómeno. Un individuo illado fronte ao seu computador pode entrar en contacto con correntes radicais e ter un máis fácil acceso ás ar-

Expertos alertan sobre o discurso público que pode alentar a persoas desequilibradas a perpetrar os ataques

mas. Nos círculos yihadistas anímase a actuar en solitario.

Este caso motivou distintas reaccións na campaña electoral cara as presidencia francesas. O tema da inmigración está sendo obxecto de discusión. Ben entendido que esta problemática continuará mentres non existan recursos abondo en moitos dos países do chamado “terceiro mundo” e deixen de ser explotados polos países ricos.

### Existe algunha solución?

Algúns expertos recean da explicación baseada na técnica e invitan a buscar responsabilidades na sociedade. Así alertan sobre o discurso público que pode alentar a persoas desequilibradas a perpetrar os ataques. Coa crise económica, ponse a unhas comunidades contra outras e iso pode levar a actos de violencia. Hai que repetir a historia ás novas xeracións para que sexan conscientes de que existen comportamentos que non están moi afastados. Estes episodios pódense producir en calquera sitio, en calquera momento. Un estudo da Axencia da UE para os Dereitos Fundamentais mostra que os ataques aos xudeus aumentaron no continente nos últimos anos.

Os expertos afastados da explicación ideolóxica móstranse máis pesimistas respecto ao modo de previr estas prácticas, aínda que ofrecen pistas. Así indican que hai que estreitar o control sobre a venda de armas, reforzar a vixilancia pública sobre o ambiente en que se desenvolven estes extremistas e, sobre todo, é necesario controlar aos que viaxan [a territorios como Afganistán] e logo regresan a Europa. Outros engaden outra recomendación: que as comunidades que acollen aos asasinos repudien publicamente o que fan.

É encomiado por parte de varios autores a estratexia canadense fronte ao terrorismo. Comentámola bre-

vemente. Denomínase: “Resiliencia como principio estratéxico contra o terrorismo”. O termo de resiliencia alude aquí á capacidade humana de asumir con flexibilidade situacións límite e sobreporse a elas.

A estratexia canadense contra o terrorismo destaca por enmarcar a relación entre as autoridades e os cidadáns respecto da información que estes últimos han de recibir daquelas sobre a ameaza terrorista, así como por insistir na súa propia implicación cívica e, moi especialmente, no concepto de resiliencia da sociedade, tanto ante a reprodución do terrorismo en xeral como ante as consecuencias no caso de que acontecesen as súas máis graves expresións, especialmente na forma de atentados catastróficos.

Tamén se pon a énfase na responsabilidade que os cidadáns teñen respecto diso: “unha responsabilidade de traballar co goberno e o persoal de seguridade, e unha responsabilidade de construír comunidades locais fortes e que dean apoio”.

Pois ben, a resiliencia como principio e como tema do devandito documento canadense contra o terrorismo atopa unha especial aplicación en dous dos catro elementos en que se subdivide a efectos prácticos a estratexia.

Estes elementos son: (1) previr; (2) detectar; (3) negar; e (4) responder. *Detectar* céntrase na identificación de terroristas e a detección de organizacións terroristas mediante labores de investigación e intelixencia, incluíndo colaboración entre axencias e cooperación internacional. *Negar* equivale a que as forzas de seguridade interveñan desbaratando os plans dos terro-

a través da educación,  
a xustiza e os dereitos  
humanos é como  
podemos acadar cultura  
de paz

ristas, perseguindo tanto a estes como a quen facilitan ou apoian as súas actividades criminais. Pero nos elementos *Prevención e Resposta* é onde mellor se inscriben os programas e as actuacións pensadas en termos de resiliencia social ante o terrorismo.

En definitiva a través da educación, a xusta distribución dos recursos e o desenvolvemento dos dereitos humanos é como podemos chegar a unha profunda cultura de paz, eliminando moitas das causas que provocan estes desgraciados conflitos.



manifestación contra o racismo e o antisemitismo, celebrada en Francia despois dos atentados

# O noso taboleiro

Redacción

Amigo Andrés:

Ben te mereces unha copla desde o noso taboleiro

Fonte: <http://mas.laopinioncoruna.es/suplementos/2009/10/04/andres-torres-queiruga-%E2%80%9Ccorren-malos-tiempos-para-la-libertad-de-expresion-en-la-iglesia%E2%80%9D/06-queiruga/>



## As raíces da queiruga non son boas de arricare; o que quenta o corazón é malo de condenare



**EDITA:** Asociación A. IRIMIA

**FEITO EN PAPEL RECICLADO**

**MESA DE REDACCIÓN:** Daniel López Munoz, Luís Gómez Aldegunde, Pedro Pedrouzo Devesa, Rubén Rivas Vidal, Lidia Campos Chan, Manolo G. Turnes, Lines Salgado Iglesias, José Antonio Martínez. Tlf. 986 10 49 45.

**COLABORADORES:** Xosé Chao Rego, Victorino Pérez Prieto, Xosé Antón Miguélez, Manolo Regal, Alfonso Blanco Torrado, Xosé Lois Vilar, Marta Sopena, Gumersindo Campaña, Tareixa Ledo, Moisés Lozano, Clodio González Pérez, Antón Martínez Aneiros, Sara Paz Quiñones, Manuel Pérez Blanco, Xabier Blanco, Bernardo García Cendán, Valentina Formoso Gosende, Celia Castro Ojea, Xerardo Castedo Valbuena, Engracia Vidal, Francisco Xabier Martínez Prieto, Fernando Veiga, Antonio Pinto Antón, Bea Cedrón Vilar, Mariano Guizán Sánchez, Carmen Soto, Rubén Aramburu, Carme Soto, Marisa Vidal e Xan Guillén, Christina Moreira.

**CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA:** Lidia Campos Chan, Luís Aldegunde.

**RECEPCIÓN DE ARTIGOS E COLABORACIÓNS EN:** [revistairimia@asociacion-irimia.org](mailto:revistairimia@asociacion-irimia.org)

**SUBSCRICIÓNS:** Apdo. 296 - 15705 Santiago de Compostela. Telf.: 655 028 253 / [subscricions@asociacion-irimia.org](mailto:subscricions@asociacion-irimia.org)  
Ordinaria: 24 Euros. de Apoio: 36 Euros.

**PARA ASUNTOS DA ASOCIACIÓN NON RELACIONADOS COA REVISTA:** [asociacion-irimia@asociacion-irimia.org](mailto:asociacion-irimia@asociacion-irimia.org)

**CONTA:** NOVACAIXAGALICIA, CC/2080-0349-85-3040005822- Urbana, nº 8 - Santiago

**DEPÓSITO LEGAL:** C-1417-81 **TIRADA:** 1.000 exemplares

**DESEÑO E MAQUETACIÓN:** Ninfa, Riveiro, Martínez

**ISSN:** 2172-9182


**IMPRIME:** Artes Gráficas LITONOR S.A.L.

**DISTRIBÚE:** IMPACTA

**EDICIÓN ELECTRÓNICA:** <http://asociacion-irimia.org/revista.xhtml>



# Boa Nova



## DOMINGO 15 DE ABRIL. 2º DE PASCUA Xn 20, 19-31

Naquel día, o primeiro da semana, ao serán, estando pechadas as portas onde estaban os discípulos, por medo dos xudeus, chegou Xesús e, poñéndose no medio, díxolles: "Pazconvosco". Dito isto, mostroulles as mans e mailo costado. Os discípulos alegráronse, vendo o Señor. El díxolles outra vez: "Paz convosco: coma o Pai me mandou a min, tamén eu vos mando a vós".

E dito isto alentou sobre eles, e díxolles: "Recibide o Espírito Santo: a quen lles perdoedes os pecados, quedaránlles perdoados; a quen llelos reteñades, quedaránlles retidos."

Mais Tomé, un dos Doce, o chamado Xemelgo, non estaba con eles cando chegou Xesús. Dicíanlle entón os outros discípulos: "Vimos o Señor."

Mais el contestoulles: "Como non vexa nas súas mans as furas dos cravos e non meta nelas o meu dedo; como non meta a miña man no seu costado, non crerei." (...)

O mesmo día de Pascua, o domingo pola tarde, Xesús preséntase ante os seus discípulos, quen permanecían pechados, atemorizados e sumidos na incerteza despois da paixón e morte de Xesús. O Señor preséntase aos seus discípulos en comunidade e confírelles o significado da súa misión: ser testemuñas, facer como El. Mais para isto cómpre a fe. Cun acto que nos retrotrae ao Xénese e á creación de Adán, Xesús bota o seu alento sobre a comunidade, dotándoos dunha "nova" vida, a que lles outorga o Espírito Santo. O relato da incredulidade de Tomé insiste nestas ideas: o apóstolo ve a Xesús resucitado en comunidade, este pídelles fe, mentres que o signo milagroso de meter os dedos nas chagas non persegue facer un énfase dos poderes de Xesús, senón da necesidade de testemuñar sobre o que se viu e viviu.

José A. Martínez

## O Eco – da pascua á resurrección, de Marcos 14,1-15,47 a Xn 20,19-31

Rachel Corrie. Americana, palestina no corazón. Reclamáraa un amigo en Palestina, precisaban de voluntari@s para loitar contra derrubes de casas en Gaza. E alá foi. Chegou a Xerusalén, de Israel, chamada tamén Terra Santa. Compartiu a vida dunha familia palestina que facía vida nun so cuarto da casa por mor das balas que atravesaban as paredes, alí compartiu o pan e as bagoas, tamén o medo... durmían partillando o mesmo chan, todos xuntos pai nai fillos e fillas, irmáns e irmás, vían a tele, falaban como fai unha familia en calquera lugar do mundo, os soños eran de tod@s, tamén o medo... e a esperanza. A esperanza fera que cando nos leva no seu remuíño, levántanos do chan elévanos polo ar. Cando o amor te leva non podes resistirte, a ela levouna a pórse diante dunha escavadora que teimaba por derrubar casas, as casa da súa xente, desas persoas que son máis parentes túas, Xesús de Galilea, que ninguén, ¡se cadra alguén de aquí aínda ven sendo curmán teu!. Ninguén podía parala. Ela cos brazos abertos soa diante da máquina co seu amor pola xente a peito descuberto, co seu amor pola xustiza saíndome polos ollos. Mais a máquina non parou, avanzou coa súa perfecta mecánica de destrución, partiulle a cara, partiulle a vida. Pai perdóalles.. .. Tiña 23 anos aquel 16 de marzo de 2003. Agora vive a carón de ti, Amor que es todo Xustiza. Os seus compañeir@s recolleron e deron sepultura ao seu corpo. Vive en quen loita por amor. Para sempre. <http://www.bds-galiza.org/2012/03/hoxe-fixo-nove-anos-do-asesianto-de-raichel-corrie/>

Oksana Makar. Ucrania. Violada, queimada en vida tirada nun solar e morta despois de dúas semanas de agonía atroz. Vive en quen busca ser amada, sen mais, limpamente e sen segundas, en quen loita pola vida e o dereito da metade da humanidade a poder saír á rúa sen medo, a ser guapa sen que lle cause perigo e culpa, sen ser nunca un obxecto que mercar, usar e botar ao lixo. Vive, para sempre.

<http://actuable.es/peticiones/que-se-haga-justicia-oksana-makar>

Amina Filal. Marrocos. Suicidase con 16 anos despois de ser obrigada a casar co seu violador. Porque a morte acaba sendo tantas veces o único camiño cara a saída, libremente escollida, para ser ó fin libre, para non ter que sufrir máis e non ser de ninguén. Agora si vive. Non volverá ser violada nin na carne nin na alma. Libre para sempre.

[http://www.avaaz.org/es/forced\\_to\\_marry\\_her\\_rapist\\_b/?cl=1679683203&v=13350](http://www.avaaz.org/es/forced_to_marry_her_rapist_b/?cl=1679683203&v=13350)

Por todos aqueles que dan a vida, os que lla quitan sen preguntar, tod@s sementan esperanza, liberdade e vida nesta primavera que nos toca cultivar para que medro o único que importa, O AMOR. Para sempre. Grazas Señor por amosar o camiño.

Christina Moreira

# Falando da lingua Plurilingüismo inclusivo e equitativo

Lidia e Valentina



*Food for Thought – diría un anglófono. Dá que pensar.*

Nisto quedabamos o outro día, non é? En que o plurilingüismo NON significa “dominar linguas dominantes”, senón ter capacidade para defenderse en moitas linguas, obviamente tamén nas dominantes. O plurilingüismo non debe alimentar prexuízos cara a ningunha lingua e ten que tratar a todas por igual.

Un plurilingüismo mal entendido é o que fixo que os nosos gobernantes deseñaran unha política lingüística para os nosos centros de ensino que

está errada, tanto na súa filosofía coma na súa posta en práctica. En primeiro lugar porque non respecta os principios do Marco Europeo Común de Referencia que promove unha Europa plurilingüe construída sobre os principios de equidade, é dicir, onde todas as linguas merecen igual respecto e todas suman.

O empeño en que toda a humanidade sexa competente en inglés -ou na lingua máis forte economicamente no momento- non só conduce inevitablemente á desaparición das linguas máis pequenas e das súas culturas, senón que supón un empobrecemento grande a todos os niveis. Cómpre sermos conscientes de que non toda a sociedade precisa o inglés, ou calquera outra lingua estranxeira, na mesma medida. É unha cuestión de gradación no coñecemento das linguas e de necesidades senón preguntádellos aos nosos proxenitores que -galego-falantes eles- aprenderon, a partir dos 18 anos, inglés uns e francés outros na emigración. Moito máis inglés e francés que sabemos nós con moitos anos de estudos dentro de Galicia.

Hai que aprender linguas estranxeiras, pero con sentidoño. En realidade o que hai que desenvolver son **capacidades plurilingües** e iso dista moito do que se está impondo aquí, onde os nosos estudantes deben investir moito tempo e esforzo en demostrar o dominio dunha lingua estranxeira, por parte de profesorado que non sempre ten formación abonda, en lugar de aprender os contidos necesarios para a súa vida.

O mellor é veres un caso práctico. Describímosvos unha escea traxicómica das que se están a dar nas aulas de primaria nas que se explica a materia de Coñecemento do medio en inglés: debaixo dunha foto dun toxo un neno ve escrita nun libro de texto a palabra “gorse” e é invitado pola profesora da materia a ler en voz alta. O neno pronúnciaa como “horse” (cabalo en inglés) e quizais ninguén se ri, nin ninguén o corrixe. Ou quizais si que se arma moito barullo e entón ese día todos aprenden a pronunciar “gorse”, pero non queda tempo para ver as características dos solos e dos montes galegos...

## O Fachineiro das redes sociais

### Facebook malgré moi

Aínda que a miña idea de facebook non dista moito de “invento para poñer fotos de agora estou tomando unha caña”, non quita para que moitas persoas a usen cun certo sentido cívico, como demostrou a convocatoria aos exipcios na Praza Al Tahrir, ou co vídeo Kony 2012, que denuncia ao asasino líder de Uganda. Empezando está “Iranians, we love you” no que en 2 minutos un profe israelí explica que ante as ameazas dunha guerra contra Irán que están lanzando os líderes mundiais, el publicou un post no que dicía que non quería a guerra, que só coñecera un iraní en París -moi amábel, segundo el- e dous outros millóns de persas nada podía dicir. Inmediatamente empezaron a aparecer comentarios semellantes a ser devoltos po-



los iranís que, obviamente, declaraban o seu amor polos israelís, xa que tampouco os coñecían e non tiñan nada contra eles. Non estaría mal que houbera unha guerra e ninguén fose, tipo Gila. Se o bispo de Ciudad Real, monseñor Algora, publicase a súa carta “A vueltas con la reforma laboral” na que denunciaba que “os perdedores na reforma laboral son sempre os máis débiles” en Facebook no canto de facelo no semanario da igrexa de Ciudad

Real *Con vosotros*, quizais páxinas críticas como [www.facebook.com/14deabril](https://www.facebook.com/14deabril) compartirían o post e todos os bispos poñerían “gústame”. Por certo, se alguén insiste en perder o tempo con isto, debe saber que hai unha rede social de Galicia e en galego: [cabozo.com](https://www.cabozo.com)

A.Q.